



1^o de Maio
Recuperemos Dereitos
e Liberdades

Confederación
Xeral do
Traballo

@CGT
cgt.org.es
rojoynegro.info



1º de Maio. Recuperemos Dereitos e Liberdades

Outro 1 de Maio coa **clase traballadora atrapada na espiral de desposesión de dereitos e liberdades** á que nos conduciron estes gobernos vasallos da Troika (UE, FMI e BCE) e os seus aliados, **co pretexto dunha crise que non é máis que unha estafa social de grandes proporcións.**

Mentres a **corrupción política, xudicial e empresarial campa ás súas anchas**, evidenciando con claridade o saqueo ás arcas públicas que levaron a cabo, a falta de garantías xudiciais para as persoas máis necesitadas e a convivencia delituosa entre poderes públicos que deben ser independentes, a **clase traballadora se debate entre a desesperación de non poder desenvolver proxectos de vida dignos** e a maior precariedade das condicións laborais e sociais, **onde a pobreza e a desigualdade esténdese en cada vez maiores capas da sociedade.**

As cifras de persoas desempregadas, sobre todo novas e mulleres, **seguen sendo inaceptables**, a gran maioría dos novos contratos son temporais, con salarios de miseria e condicións laborais do século dezanove e **os ERE son a única saída que atopa a reaccionaria clase empresarial** que sufrimos neste estado.

Os "axentes sociais do réxime" tratando de saír do seu "agocho" de anos, co único afán de **volver traizoar á clase que di representar** e asinar outro Pacto Social co goberno e a patronal que nos recorte aínda máis os nosos salarios e dereitos. Ademais de volver a "retocar" o Pacto de Toledo, para **recortar aínda máis as xa precarias Pensións Públicas.**

As ilusas aspiracións sobre o chamado **"asalto ás institucións"** non foron máis que **un doloroso espellismo**, quedando claro que a loita na rúa, governe quen governe, é a única vía para conseguir recuperar os dereitos e as liberdades que nos quitaron, para levar a cabo transformacións sociais e para defender o que é patrimonio da colectividade, é dicir "o Público, o Común", os Servizos Públicos como **dereitos esenciais de todas as persoas.**

A CGT chama este 1 de Maio a todas as persoas, organizacións e colectivos sociais, as inmigrantes, as pensionistas, as estudantes, as mulleres, as desafiuzadas das súas casas e dos seus empregos, as represaliadas por loitar, á clase traballadora en xeral, a manifestarse desde a dignidade de clase para exercer o dereito á protesta que pretenden eliminar, a través de sentenzas condenatorias para quen loita e sentenzas do máximo tribunal español (**o Tribunal Supremo**), **que legalizan o esquirolaxe empresarial** cando as traballadoras convocan Folgas para defenderse das agresións empresariais.

Esixiremos neste 1 de Maio:

- **A derogación das dúas últimas Reformas Laborais**
- **A derogación das leis mordaza e a Amnistía Social para todas as persoas encarceradas, procesadas, despedidas dos seus empregos ou multadas por loitar**
- **A Renda Básica como garantía de supervivencia**
- **Non rotundo ao pago da débeda ilexítima.**
- **Os Servizos Públicos como dereitos esenciais das persoas**
- **Empregos estables con salarios e condicións dignas.**

O 1º de Maio a CGT estará nas rúas, en confluencia cos movementos sociais e colectivos en loita ou coas súas propias enerxías e xentes, reivindicando un cambio de modelo social baseado na repartición da riqueza, o apoio mutuo, a igualdade e a autoxestión.

VIVA O 1º DE MAIO!!

VIVA A LOITA DA CLASE OBREIRA!!